

Concello de Ames
Anuncio

INICIO DE EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN PATRIMONIAL RESPECTO DUN RUEIRO EN BUCELEIRAS, BUGALLIDO

Por Decreto desta Alcaldía núm. 26/2019, de 8 de xaneiro, resolveuse

“Primeiro. Iniciar expediente administrativo de investigación patrimonial do seguinte ben que se presume de propiedade municipal co fin de determinar a súa titularidade:

- Rueiro sito en Buceleiras, Bugallido, lindante coas parcelas con referencia catastral 1039807NH3413N0001YA, 1039809NH3413N0001QA, 1039810NH3413N0001YA, 1039813NH3413N0001PA e 1039815NH3413N0001TA.

Segundo.- Publicar o acordo de iniciación do expediente de investigación no Boletín Oficial da Provincia. Un exemplar de dito boletín exporase no taboleiro de anuncios do Concello de Ames durante quince días.

Terceiro.- Dar traslado do acordo de iniciación do expediente á administración estatal e autonómica para que estas, no seu caso, poidan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.

Cuarto.- Notificar persoalmente aos afectados polo expediente de investigación que resulten coñecidos e identificables.

Quinto.- No prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao que deba darse por terminada a publicación dos anuncios no taboleiro do Concello de Ames, poderán as persoas afectadas polo expediente de investigación alegar por escrito canto estimen conveniente ao seu dereito ante a Corporación, acompañando todos os documentos en que funden as súas alegacións.”

Ames, 9 de xaneiro de 2019

O alcalde

José M. Miñones Conde